Resumo da Unidade 12. 2ª Quincena

A Consolidación do Réxime. Crecemento económico e transformacións sociais. Emigración a Europa. A oposición no interior e no exilio.

A DITADURA FRANQUISTA ENTRE 1959 Y 1975: ASPECTOS ECONÓMICOS, SOCIAIS E POLÍTICOS

Esta etapa da ditadura franquista caracterizouse polo desenvolvemento económico, os cambios sociais e o inmobilismo político. A persistencia do réxime de manter a ditadura política nunha sociedade que se facía cada vez máis moderna provocará a longo prazo a descomposición do mesmo, especialmente a partir de 1969, cando empeza a súa agonía. A morte de Franco, en novembro de 1975, fai imposible mantelo, a sociedade española estaba madura para incorporarse ao modelo europeo occidental.

O goberno de 1957: tecnocracia e autoritarismo burocrático.

- Carrero Blanco aconsellou a Franco unha nova remodelación do goberno para afirmar a súa autoridade. Ausencia de falanxistas e énfases na técnica.
- Novos ministros profesionais ou técnicos. Membros do Opus Dei. López Rodó, Ullastres, Navarro Rubio.

- A pesar destes cambios a base do goberno seguía sendo militar (7 de 17).
- Creación dun tribunal militar sobre "actividades extremistas": folgas, manifestacións. 1958).
- Lei contra rebelión militar, bandidaxe e terrorismo (1960).

- Inauguración do Val dos Caídos. Visita de Einsenhower (1959).

O desenvolvemento económico.

Durante esta etapa a principal característica é o desenvolvemento económico, moi significativo nos anos sesenta e que empeza a arrefriarse nos últimos anos desta década ata que chegamos á crise de 1973. Coincide así co proceso económico europeo de bonanza e retroceso económico, aínda que en España os inicios do desenvolvemento económico fosen posteriores. As bases para este desenvolvemento puxéronse co **Plan de Estabilización**, medidas lexislativas tomadas polos tecnócratas entre 1957 e 1959 para modernizar a economía española (depreciación da peseta, limitación do gasto público, conxelación salarial, incremento de impostos e facilidades para o investimento de capitais estranxeiros).

Este plan reduciu a inflación e salvou a bancarrota, pero tamén produciu unha forte recesión: diminuíron os niveis de renda, aumentou o paro e deu lugar a un intenso fluxo migratorio, pero puxo as bases do desenvolvemento dos anos 60 e intensificou a reinserción de España nas institucións occidentais. A principios do 58 incorporábase como membro asociado á Organización Europea de Cooperación Económica (logo OCDE) e en setembro ao Fondo Monetario Internacional. A mediados de 1959 recibía unha axuda internacional por valor de máis 500 millóns de dólares..

O desenvolvemento económico foi espectacular e manifestouse claramente na taxa de crecemento anual do PIB (no período de 1960 a 1973 foi dun 7%) e no aumento dos niveis sociais de benestar e consumo (a renda per cápita pasou de 300 dólares en 1960 a 2000 en 1973). Os factores que explican este rápido crecemento foron varios, moitos deles externos ao propio país:

a).- A favorable conxuntura económica internacional.
b).- Os masivos investimentos de capital estranxeiro e a crecente actividade das empresas multinacionais estadounidenses, alemás, suízas, francesas ou británicas, especialmente nos sectores químico, electrónico e do automóbil, polos baixos custos laborais, pois os salarios mantivéronse a niveis relativamente baixos
c).- Os ingresos procedentes do turismo, un turismo que chegaba masivamente polos baixos prezos do noso país
d).- As remesas dos emigrantes (o envío de diñeiro dos emigrantes españois que estaban en Europa, aos seus familiares)
e).- Os enormes investimentos estatais en obra públicas (Polos de Desenvolvemento), por exemplo, en construcións hidráulicas(pantanos).

Aínda que a expansión económica foi espectacular (o chamado "milagre económico")e contribuíu a evitar tensións sociais asegurando a continuidade do réxime, resultou desequilibrada e insuficiente provocando importantes problemas:

a).- O crecemento económico deuse nos sectores secundario e terciario pero non no primario (a agricultura recibiu poucos investimentos e a rendibilidade do campo foi baixa)
b).- Migración interior e exterior moi forte. A migración interior, o éxodo rural, provocou o abandono de moitos pobos do interior e en consecuencia o crecemento desordenado de grandes núcleos urbanos como Madrid, Barcelona, Valencia, Bilbao, onde empezan a construírse enormes barrios suburbiais e aparición de poboados chabolistas.
A migración exterior dirixiuse cara a Europa, Alemaña, Suíza, Francia e afectou a preto de 1.500.000 traballadores das zonas rurais máis atrasadas (Andalucía, Galicia e Castela. Esta forte migración exterior ocultou as limitacións da economía nacional, incapaz de xerar emprego suficiente para absorber á poboación en idade de traballar, tamén contribuíu a que non houbese practicamente paro.
c).- Aumento de desequilibrios rexionais, unha rexións creceron máis que outras, máis da metade das instalacións industriais localizáronse nas zonas tradicionalmente desenvolvidas: Cataluña, P. Vasco e Madrid; mentres que outras grandes extensións quedaron desindustrializadas a pesar dos plans do goberno cos chamados "Polos de Desenvolvemento e de Promoción" que non conseguiron os resultados esperados
d).- Desastres ecolóxicos relacionados co desenvolvemento das zonas turísticas, sen ningún tipo de planificación e das verteduras incontroladas de produtos industriais nos ríos.
Consecuencias: gran crecemento económico, e unha rápida transformación social. Despoboamento do campo, éxodo rural.
Continuaron algúns problemas económicos: controis de prezos, corrupción, estimulación da inflación nos últimos anos do réxime, emigración masiva de traballadores, limitación dos ingresos públicos, deficiencia nos servizos públicos.
Xunto a estes desequilibrios económicos, a limitación deste desenvolvemento manifestouse en:

- un deficiente sistema de prestacións sociais e de servizos estatais e nun sistema fiscal inxusto, pois a maior parte dos impostos recadados foron

indirectos e existía un elevado grao de evasión e de fraude fiscal que beneficiaba especialmente a unha minoría adiñeirada.

- A expansión económica sofre un retroceso debido á crise mundial de 1973 coñecida como a **crise do petróleo**, que en España ten unha especial incidencia pola súa dependencia enerxética exterior. Esta crise provocou: diminución da chegada de turistas, o descenso das exportacións e a interrupción das migracións cara a Europa. En España esta crise afectou especialmente ao sector siderúrxico, á industria téxtil e de calzado, ao sector naval, ao da construción e á banca. Esta crise coincide cos últimos anos do franquismo pero se deixará notar especialmente durante o período da transición provocando grandes conflitos sociais.

Os cambios sociais. O crecemento económico levou aparellado un cambio nos comportamentos sociais. O proceso industrializador fixo posible que a sociedade española dos anos 60 deixase de ser rural para converterse en urbana. A maior parte da poboación dedicábase a actividades relacionadas co sector secundario e terciario. Isto fixo que aumentasen considerablemente dous grupos sociais: o proletariado industrial e as clases medias, ambos van contribuír nos cambios de hábitos e costumes. Os primeiros cada vez máis reivindicativos serán os protagonistas do rexurdimento do movemento obreiro, os segundos, máis formados, máis cultos, con máis tempo de lecer contribuirán á introdución dos hábitos europeos e quererán un cambio sen sobresaltos na sociedade española. A importancia desta clase media dará estabilidade ao proceso democratizador.

Outros cambios sociais importantes foron a incorporación paulatina da muller ao traballo o que modificou a estrutura familiar, que deixou de ser autoritaria. Os maiores niveis de consumo e especialmente de consumo cultural como: teatro, cine, revistas, libros de peto. A perda de valores relixiosos e as miras dos máis novos cara á moda e os novos estilos musicais (pantalón vaqueiro, pelo longo, minisaia, Beatles, Rolling Stones.)
En resumo a sociedade española fíxose máis secularizada, aberta e tolerante. O estado contribuíra a mellorar as condicións de vida dos españois coa súa política social manifesta en: **A lei de bases da Seguridade Social de 1963**, que se poría en práctica en 1967 e que tiña como obxectivo incorporar á totalidade da poboación activa á seguridade social e nas **reformas educativas** coa lei xeral de educación de Villar Palasí de 1970 . A sociedade española, a principios dos setenta, parecíase á europea. Tamén desexaba compartir con ela o seu proxecto político: a democracia
Aspectos políticos. A oposición ao réxime e o inmobilismo político.

O progreso económico e o cambio social fixo que a oposición ao réxime manifestásese no interior do noso país, e aínda que non expuxo graves problemas á ditadura, puxo de manifesto o descontento de sectores importantes da poboación. A oposición social ao sistema tivo tres motores fundamentais
- **A Universidade**, que desde 1964 viviu en permanentes protestas: As folgas, as manifestacións e os escritos pedindo o retorno ao réxime parlamentario multiplicáronse a pesar das fortes represións
- **Os movementos obreiros**. Nos anos 60 as protestas obreiras aumentaron considerablemente a pesar de que estiveron prohibidas. O movemento obreiro viuse favorecido pola posibilidade de negociar os convenios colectivos desde a aprobación da **"lei de convenios colectivos" de 1958**. As zonas mais conflitivas foron as grandes cidades e as zonas industriais Moitos dirixentes procedentes do partido comunista e dos movementos católicos de esquerda infiltráronse na organización sindical franquista, así xurdirán U.S.O e CC.OO. esta desde 1966 será a forza máis importante dentro do movemento obreiro.

Os católicos: distanciábanse cada vez máis do réxime pola carencia de liberdades, este distanciamento fíxose maior debido á influencia do Concilio Vaticano II (1962-65); moitos católicos expuxeron unha postura política contraria ao réxime e xogaron un papel importante na divulgación do ideario dos dereitos fundamentais das persoas (Cadernos para o Diálogo, revista católica fundada en 1963, que terminou agrupando a toda a oposición). En 1968 un sector significativo da xerarquía relixiosa toma formulacións críticas: a Conferencia de Bispos defendeu a libre sindicación. O nomeamento de D. Vicente Enrique e Tarancón como primado de España (1971) axuda ao compromiso da Igrexa cos movementos sociais que se están producindo. (Os curas obreiros)

Desde o ámbito político podemos sinalar: o rexurdimento dos nacionalismos e a consolidación da oposición democrática.

Os nacionalismos:

- en 1959 fúndase E.T.A. (Euskadi ta Askatasuna) foi unha escisión do PNV, con formulacións máis radicais e que opta pola violencia terrorista desde os primeiros anos do 60, aínda que é entre os anos 1966-68 cando se configura como un movemento terrorista.
- En Cataluña, a oposición ao franquismo organizouse de forma unitaria ao redor de Comisión Coordinadora de Forzas Políticas de Cataluña (1969), na que se integraron comunistas, socialistas, democristiáns e nacionalistas. En 1971 nacía a Asemblea de Catalunya, como unha plataforma que englobaba á práctica totalidade da oposición política e social.

A oposición democrática: organizouse ao redor de organizacións moi diversas con escaso número de militantes: os demócratas cristiáns (Gil Robles), os socialdemócratas (Dionisio Ridruejo), os liberais (Joaquín Satrústegui), os republicanos, o PSOE liderado por Rodolfo Llopis sufría un distanciamento entre os militantes do interior e os do exilio, ademais en 1969 Enrique Tierno Galván creaba o P. Socialista do interior (posteriormente PSP) e o Partido comunista de España, dirixido por Santiago Carrillo era o de maior implantación e o mellor estruturado no interior e o que estaba máis directamente implicado na **mobilización obreira e estudantil.**

En **1962** reuníronse en Munich os representantes da oposición tanto do exilio como do interior: demócratas cristiáns, monárquicos liberais, republicanos, nacionalistas e socialistas-, quedaron excluídos os comunistas. Todos pedían o **restablecemento da democracia**. Daba a impresión que se pecharon as vellas feridas, pois dous dos personaxes máis importantes da reunión procedían de dous mundos, ata agora antagónicos: Gil Robless (católico) Madariaga (republicano). Esta conferencia apostou pola integración en Europa. Franco reaccionou violentamente contra esta reunión, á que cualificou de “contubernio de Munich” e monta unha campaña de desprestixio contra os reunidos en Munich e crea o TOP (Tribunal de Orde Pública) para xulgar delitos políticos. A sociedade no seu conxunto pedía un cambio pero Franco resistíase.

O inmobilismo era un feito. En **1967 aprobouse a lei Orgánica do Estado**, era a última lei fundamental do franquismo. Estaba pensada para asegurar a continuidade do réxime. Intentou dar unha aparencia democrática pero en realidade mantivo os principios fundamentais nos que se baseou o réxime. España estruturábase como unha **“democracia orgánica”,** termo ambiguo que intentaba aparentar progreso político, pero no que a representación non era exercida polos individuos, senón pola familia, o municipio e o sindicato. Aparece a figura do presidente de goberno pero Franco segue ocupando as dúas funcións ata xuño do 73 cando renuncia e nomea a Carrero Blanco.

A Lei non supón ningunha novidade nin contempla os cambios da sociedade española. O único importante, foi a elección directa dunha parte das cortes “procuradores familiares” polos cabezas de familia e aínda que abría unha

posibilidade á creación de asociacións políticas, estas só eran posibles se respectaban os principios do Movemento e por suposto os **partidos políticos quedaban absolutamente prohibidos.** Houbo intentos de aperturismo pero foron pouco significativos no seu momento, aínda que axudou sen dúbida ás transformacións que se produciron posteriormente:

- lei de prensa (1966), suprimiu a censura previa pero "o estado reservábase o dereito de inspeccionar a inscrición dos diarios e controlaba as noticias do estranxeiro a través da axencia Efe, ademais podía recorrer ao secuestro administrativo dunha publicación e sancionala" (Como se fixo no seu momento con varias publicacións. O Diario Madrid).
- A lei de liberdade relixiosa (1967) e a
- Lei xeral de Educación de 1970.

A continuidade do réxime parecía asegurada por unha serie de previsións adoptadas por Franco: en xullo de 1969, as Cortes aceptan como sucesor de Franco na Xefatura do Estado a D. Juan Carlos; en xuño de 1972 decídese que en caso de falecemento do Xefe do Estado, D. Juan Carlos exercería como rei (xefe de estado) e o vicepresidente que nesa data era o almirante Carrero Blanco pasaría a exercer funcións de xefe de goberno.

Parecía, estaba claro, que Carrero Blanco ía ser o continuador do sistema. Todo parecía atado e ben atado. Pero unha serie de circunstancias, a partir de 1969, provocarán a agonía do réxime:

- A oposición social foi continua e en aumento. As folgas e protestas estudantís continuas (profesores (PNN) e estudantes en protestas continuas,).
- Folgas frecuentes, os sindicatos clandestinos lograban paralizar cidades.
- En 1971 a asemblea conxunta de bispos e sacerdotes aprobou unha resolución na que pedía perdón por non favorecer a reconciliación. No 73 os bispos solicitaron a revisión do concordato e a separación Igrexa- Estado. Moitos sacerdotes foron encarcerados e un sector importante da igrexa identificouse e traballou cos máis pobres (Llanos e Díez Alegría).
- Os atentados terroristas e secuestros incrementáronse. En 1970 membros de ETA son xulgados por un **Consello de Guerra en Burgos**. Solicitábase pena de morte, o xuízo non tivo ningunha garantía. Iso provocou unha gran mobilización do P. Vasco e doutras cidades españolas, e ata a Igrexa pide clemencia. A mobilización produciu a conmutación das penas pero o réxime demostrara unha dureza en desacordo cos tempos O divorcio entre a sociedade e o réxime era evidente. **O asasinato de Carrero Blanco o 20 de decembro de 1973**, acabou coa figura crave para a continuidade do réxime. O seu asasinato provocou duras reaccións por parte do goberno: as penas impostas aos principais dirixentes do sindicato CCOO foron larguísimas (**o proceso 1.001** contra os sindicalistas debía celebrarse o 20 de decembro).

O réxime resistíase a morrer. Desaparecido Carrero Blanco, é nomeado xefe de Goberno Carlos Arias Navarro (xaneiro de 1974). Parece que se abren algunhas expectativas, pero o chamado **espírito do 12 de febreiro** non funcionou. Con todo a actuación do goberno demostraba o seu **inmobilismo** que facía que se enfrontase coa Igrexa, cos militares máis modernos e ata cos ministros máis aperturistas que dimitiron (Pío Cabanillas, ministro de Información e Turismo e Barrera de Irimo, ministro de Facenda).

- A aprobación en decembro do Estatuto do Dereito de Asociación Política tampouco contentou a ninguén porque se tiñan que respectar os principios do Movemento; nin sequera foi aceptada polos reformistas do réxime. A actuación da oposición democrática actuaba máis rapidamente. O malestar social aumentaba e xurdían outros grupos terroristas como o **FRAP** (fronte revolucionaria antifascista e patriótico). A oposición política democrática organizábase: en xullo de 1974 créase en París a **Xunta Democrática** liderada polo

partido comunista de Santiago Carrillo. En xuño de 1975, A Plataforma de Converxencia liderada polo PSOE de Felipe González (desde outubro de 1974 e tras o congreso de Suresnes o partido socialista estaba dirixido polos opositores do interior, Felipe González e Afonso Guerra).

- En outubro dese mesmo ano uniranse na Platajunta . As forzas antifranquistas queren a ruptura democrática (exposta abertamente no manifesto da Xunta Democrática de 29 de xullo de 1974), o proceso de transición á morte de Franco debería ser xestionado por estas forzas. O réxime cada vez está máis só.
- A sociedade no seu conxunto quere e pide un cambio. **Os fusilamentos de setembro de 1975 (dous membros de ETA e tres do FRAP),** terminaron por desprestixiar a ditadura. A morte de Franco en nov de 1975 logo dunha agónica enfermidade, abre o camiño para o cambio de réxime. Iníciase un período moi complicado pero cheo de ilusións, a transición democrática. A recuperación do modelo democrático non ten volta atrás.